

## RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE ESTABLECE A CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE CURSOS QUE INTEGRARÁN A PROGRAMACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VERÁN 2025

Os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro de 2014 (DOG núm. 29, de 12/02/2014), establecen no seu artigo 4 apartado primeiro que é función da universidade a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria. En cumprimento do dito artigo, a Universidade de Santiago de Compostela vén desenvolvendo desde hai décadas cursos desde a Universidade de Verán como unha plataforma de servizo e contacto coa sociedade, respondendo á esencia mesma da extensión universitaria que procura a formación integral do individuo ao longo de toda a vida.

Os cursos e actividades da Universidade de Verán da USC contan xa cunha dilatada e importante traxectoria de extensión, intercambio e posta en valor da actividade universitaria e conforman un foro activo para difundir e compartir saberes e experiencias, así como para a actualización e debate da innovación científica en todos os ámbitos do coñecemento, incluíndo actividades e participantes que non teñen fácil cabida no período lectivo ordinario. Permiten, ademais, unha convivencia activa e intensa entre o alumnado, o profesorado da nosa Universidade e investigadores/as e especialistas doutros ámbitos.

Por todo canto antecede, e ao abeiro do disposto na Resolución reitoral do 21 de abril de 2022 pola que se delegan competencias en determinados órganos universitarios (DOG de 26/04/2022), a Vicerreitoría de Estudantes e Cultura

### RESOLVE:

Aprobar a convocatoria pública para a selección de propostas de cursos para a edición 2025 da Universidade de Verán, que se rexerá polas bases que figuran no Anexo I.

*Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, perante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpor o dito recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

**O Reitor**

**(Por delegación de competencias. R.R. do 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022)**

**A Vicerreitora de Estudantes e Cultura  
Pilar Murias Fernández**

## ANEXO I

### BASES DA CONVOCATORIA

#### Primeiro.- OBXECTO

As presentes bases regularán a convocatoria de presentación de propostas de cursos que integrarán a Universidade de Verán 2025. As propostas que se remitan para a súa consideración deberán cinxirse a estas normas e incluír todos os datos que se solicitan.

#### Segundo.- DESTINATARIOS

Poderán presentar propostas para a Universidade de Verán o PDI da Universidade de Santiago de Compostela, así como os departamentos, institutos, servizos, facultades ou escolas superiores da USC. Unha mesma persoa só poderá formar parte da dirección e/ou secretaría de 1 proposta.

#### Terceiro.- SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes remata o **30 de decembro de 2024**. Poderán presentarse solicitudes a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro electrónico da USC.

A presentación de propostas farase na sede electrónica da USC a través do procedemento "Convocatoria de propostas de cursos de verán 2025" dispoñible en:

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/168/ver.htm>.

A presentación da solicitude implica a aceptación das bases por parte de cada solicitante.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase unha lista provisoria de solicitantes admitidos/as e excluídos/as.

Os/as aspirantes excluídos/as, disporán dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista provisoria no taboleiro electrónico da USC, para poder emendar os defectos que motivaron a exclusión da solicitude. Poderán enviar as solicitudes de emenda a través dunha instancia xeral na sede electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/rexistroEntrada/solicitudes/listaxe.htm>

dirixidas á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC e co asunto "Emenda á solicitude de propostas de cursos de verán 2025".

#### Cuarto.- REQUISITOS DAS PROPOSTAS

As propostas pódense presentar en dúas categorías:

- **Cursos de 25 ou máis horas de duración**, recoñecidos con 2 créditos transversais ECTS.
- **Cursos de 15 a 24 horas de duración** entre os que se poden incluír formatos como seminarios, foros, obradoiros, encontros, xornadas, etc., recoñecidas con 1 crédito transversal ECTS.

De xeito xeral, os cursos deben cumprir cos seguintes requisitos:

- As horas lectivas contabilizadas deben ser necesariamente presenciais, non se poden contemplar horas por realización de traballos.
- A asistencia a cursos da Universidade de Verán non poderá ter ningún outro efecto curricular nin computable nas materias das titulacións da USC, excepto a obtención dos créditos correspondentes.
- Os cursos da Universidade de Verán poden estar orientados ao público en xeral, ao alumnado universitario, a docentes, a profesionais ou a outros sectores.
- Os cursos e actividades da Universidade de Verán 2025 desenvolveranse exclusivamente entre o 9 de xuño e o 5 de setembro de 2025.
- A estrutura de cada programa (horarios, distribución de conferencias, mesas redondas, obradoiros, visitas prácticas...) será determinada libremente por cada director/a. En todo caso, non se poden programar máis de 8 horas de actividade lectiva por xornada.
- Cada curso terá como mínimo un/ha director/a. Esta persoa debe pertencer á comunidade PDI da USC e será a responsable última perante a Vicerreitoría aos efectos organizativos e administrativos. Así mesmo, é aconsellable que exista un/ha secretario/a. Pode haber, tamén, co-direccións e secretarías compartidas. Tanto a secretaría como as co-direccións poden ser desenvolvidas por persoas que non sexan PDI da USC.
- Cada curso debe incluír como mínimo 4 relatores/as e debe acadar ao final do prazo de inscrición un mínimo de 15 persoas matriculadas para poder realizarse.
- Os cursos poderán ter lugar nos campus de Compostela e Lugo, nas instalacións de apoio que a USC posúe fóra dos campus. Nos casos nos que se queira propoñer a celebración noutro lugar que non sexa unha instalación da USC, xunto coa proposta débese xuntar un escrito do concello, institución ou entidade do lugar co compromiso de acoller e facilitar instalacións e medios para o desenvolvemento da actividade.
- Dado que o alumnado ten 5 días naturais desde o momento da inscrición para efectuar o pagamento da taxa, o prazo de matrícula conclúe o unha semana antes do comezo de cada curso.
- Poderase dispor, se a dirección dun curso o desexa, de 1 alumno/a colaborador/a. Esta figura consiste en designar unha persoa de apoio por cada curso para realizar, exclusivamente durante a celebración do mesmo, tarefas de atención de intervinientes, control de asistencia, manexo de equipos audiovisuais e outras atencións de carácter xeral.

- Esta persoa, que será proposta no seu momento pola dirección do curso co visto bo da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, debe ser estudante activo da USC no curso 2024-25 e terá dereito a matrícula gratuíta no curso ou actividade no que colaborará, así como a unha constancia escrita da súa colaboración.
- Existe un procedemento xeral de avaliación dos cursos e actividades de verán a través de enquisas de satisfacción online que se lle pasarán no seu momento aos/ás asistentes coa finalidade de coñecer o grao de calidade e satisfacción co que se desenvolven ditas actividades e cursos.

## **Quinto.- SELECCIÓN DE PROPOSTAS**

As propostas pasarán por dúas fases, unha primeira de preselección e unha segunda de avaliación.

### **5.1.- Fase de preselección**

Farase unha primeira fase de preselección na que se valorará a información contida no formulario de solicitude da sede electrónica e a documentación complementaria que queiran presentar as persoas solicitantes. Esta fase de preselección ten o obxectivo de considerar a viabilidade dos cursos, a corrección de forma, evitar repeticións, procurar un equilibrio de temáticas, dosificar previamente as propostas para un mesmo concello e permitir unha mellor organización do conxunto de actividade. Nesta fase tamén poderán ser desestimadas propostas cuxos propoñentes non cumpriran debidamente coas responsabilidades de dirección en edicións anteriores da Universidade de Verán.

#### **5.1.1.- Lista de cursos preseleccionados**

Na **segunda quincena do mes de xaneiro de 2025** publicarase no taboleiro de anuncios unha relación provisoria das propostas preseleccionadas e as eventuais recomendacións de mellora das mesmas. Contra a preselección os/as interesados/as poderán presentar reclamación no prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados desde a data da súa publicación. Poderán enviar as reclamacións a través dunha instancia xeral na sede electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/rexistroEntrada/solicitudes/listaxe.htm>

dirixidas á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC e co asunto "Reclamación á preselección de cursos de verán 2025".

### **5.2.- Fase de avaliación**

Transcorrido ese prazo e resoltas as reclamacións, a Vicerreitora de Estudantes e Cultura resolverá a relación definitiva de propostas preseleccionadas.

Esta mesma resolución coa relación definitiva de propostas preseleccionadas recollerá o prazo e as instrucións para a presentación da información necesaria para a fase de avaliación definitiva.

A dita documentación terá que enviarse a través dunha instancia xeral na sede electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/rexistroEntrada/solicitudes/listaxe.htm>

dirixida á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC e co asunto "Proposta de curso de verán 2025 para avaliación".

A estas propostas realizaráselles unha dupla avaliación:

a) A **avaliación técnica** estará a cargo do persoal técnico da Área de Cultura.

b) A **avaliación académico-científica** estará a cargo dunha comisión conformada pola vicerreitora de Estudantes e Cultura, 1 persoa de perfil técnico da Área de Cultura e 5 PDI en representación de cada unha das grandes áreas de coñecemento. A composición da comisión estará condicionada por criterios de paridade de xénero e de representación de cada un dos campus da USC.

a) A **avaliación técnica** analizará os seguintes criterios, coas seguintes puntuacións:

• **Tipoloxía da proposta:**

- 1 punto para cursos de 25 ou máis horas
- 0,5 puntos para cursos (seminarios, foros, obradoiros, encontros, xornadas, etc.) de entre 15 e 24 horas

• **Cursos con continuidade:**

- 1 punto para segundas e terceiras edicións
- 2 puntos para cuartas ou máis edicións

• **Localización da proposta:**

- 1 punto para propostas que se realizarían fóra das cidades de Santiago de Compostela ou Lugo

• **Paridade:**

- 2 puntos no caso de se cumpra o principio de "presenza ou composición equilibrada". Este principio, recollido na disposición adicional primeira da Lei Orgánica 3/2017, de 22 de marzo, así como no Plan de Igualdade da USC, establece que se entende por composición equilibrada a presenza de mulleres e homes de xeito que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada sexo non superen o sesenta por cento nin sexan menos do corenta por cento.
- Para a contabilización, terase en conta a totalidade de intervenientes que consten na proposta (exclúense as persoas que formen parte da dirección ou secretaría da actividade que non sexan á súa vez intervenientes, así como as autoridades ou representantes institucionais que participen nos actos de inauguración e/ou clausura).

Á parte, valorarase negativamente, con -1 punto, as propostas nas que algún dos seus propoñentes dirixira nalgunha das últimas dúas edicións da Universidade de Verán actividades que fosen suspendidas por falta de inscricións.

b) A **avaliación académico-científica** analizará os seguintes criterios, coas seguintes puntuacións:

- **Calidade dos contidos:** máximo 3 puntos
- **Actualidade da temática:** máximo 3 puntos
- **Competencia dos intervenientes:** máximo 2 puntos
- **Interdisciplinabilidade:** máximo 2 punto

Á parte, valorarase negativamente a posible coincidencia dos contidos con materias curriculares (0=ningunha, -1=pouca, -2=media). No caso de existir unha coincidencia grande, o proxecto non será considerado.

### 5.3.- Selección final

Sumadas as puntuacións da avaliación, realizarase a selección final para conformar o programa da Universidade de Verán 2025, que incluírá **un número máximo de 50 cursos**, de tal xeito que se seleccionarán as **50 propostas** que, sumadas a avaliación técnica e a académico-científica, obteñan maior puntuación.

No caso de empate na liña de corte, este resolverase favorecendo consecutivamente e nesta orde:

- as propostas que teñan continuidade en edicións anteriores
- as que teñan maior puntuación na calidade dos contidos
- as que teñan máis puntuación na actualidade da temática
- as que teñan maior puntuación na competencia de intervenientes
- as que teñan maior puntuación da interdisciplinabilidade
- as que contén maior puntuación na paridade

A resolución provisoria pola que se comunicará a dita selección publicarase no taboleiro de anuncios da USC. Contra a proposta de selección os interesados poderán presentar reclamacións no prazo de **cinco (5) días hábiles** a través dunha instancia xeral na sede electrónica:

<https://sede.usc.es/sede/publica/rexistroEntrada/solicitudes/listaxe.htm>

dirixida á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC e co asunto "Reclamación á selección provisoria de cursos de verán 2025".

Transcorrido ese prazo e resultas as mesmas, a Vicerreitora de Estudantes e Cultura publicará a relación definitiva de cursos seleccionados.

## Sexto.- FINANCIAMENTO DO CURSO, SEGURO ESCOLAR E XESTIÓN ECONÓMICA

### 6.1 Prezos de matrícula e financiamento do curso

Os/as organizadores/as das propostas terán que acadar o financiamento necesario para a súa realización. Por parte da Universidade de Verán, as propostas aprobadas recibirán o 80% do total de ingresos que se obteñan pola matrícula.

Os prezos de matrícula aplicables na Universidade de Verán 2025 serán os mesmos que na pasada edición:

- Prezo xeral  
Cursos de 25 ou máis horas lectivas: 120 €  
Cursos de menos de 25 horas: 70 €
- Prezo reducido (Aplicable a estudantes de calquera universidade ou en estudos de formación profesional, pensionistas, persoas desempregadas, socios/as da Asociación de Antigos Alumnos da USC, así como o PDI e PAS da USC)  
Cursos de 25 ou máis horas lectivas: 70 €  
Cursos de menos de 25 horas: 40 €

## 6.2 Seguro escolar

Á parte do prezo do curso, teñen que subscribir o seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxe que terá un custe de 17,50 €:

- Todas as persoas, nacionais ou estranxeiras, que non estean cubertas polo seguro escolar obrigatorio do INSS, por non ter formalizada matrícula en estudos oficiais na USC no curso académico 24-25
- O alumnado da USC no curso 2024-25 maiores de 28 anos que non teñan contratado este seguro nos estudos nos que formalizaron matrícula.

## 6.3 Xestión económica

Abrirase unha aplicación orzamentaria a nome de cada curso da que será titular o/a director/a. Esta aplicación abrirase na unidade de gasto do centro do que dependa o/a director/a e será dotada dunha contía inicial por parte da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura a modo de anticipo.

Non se poderá incurrir en gasto por unha contía superior á do anticipo ata que o curso obteña o mínimo necesario de 15 inscricións para poder realizarse. Unha vez que un curso acade as 15 inscricións en prazo, iránselle transferindo contías por matrículas sucesivamente cada semana ata finalizado o prazo de inscrición.

O/a director/a será quen autorice os gastos do curso contra a aplicación orzamentaria, sendo a persoa responsable de asuntos económicos da unidade de gasto correspondente quen execute os pagamentos.

A dirección de cada curso será quen de fixar as retribucións por honorarios para as persoas que participen no curso (os/as alumnos/as colaboradores/sa non poden percibir remuneración ningunha). As remuneracións deben ser aboadas con cargo aos orzamentos do propio curso e aplicaráselle as retencións do IRPF que lles correspondan.

A publicidade e a difusión xeral da Universidade de Verán correrán por conta da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura. Á parte, cada curso poderá facer a súa difusión propia, así como materiais impresos, que correrán a cargo do seu propio orzamento. Este material deberá ser revisado pola Vicerreitoría de

Estudantes e Cultura antes de se imprimir para comprobar que se respectan as normas de imaxe corporativa e fins da USC.

## **Sétimo.- FUNCÍONS E RESPONSABILIDADE**

### **7.1 Directores/as**

As funcións e responsabilidades dos/as directores/as serán:

1. respectar todos os prazos e condicións destas normas
2. fixar os contidos do programa e designar o/a secretario/a
3. establecer os contactos co profesorado convidado, reservar o lugar de celebración e realizar, co apoio do/a secretario/a, todas as xestións organizativas do curso
4. establecer, no seu caso, contacto previo e con suficiente antecedencia co concello anfitrión ou institución/entidade colaboradora para asegurar unha estreita coordinación de todas as cuestións organizativas "in situ"
5. supervisar e responsabilizarse da execución do gasto
6. pasar as probas do material de difusión propia do curso á revisión na Vicerreitoría antes da súa impresión
7. supervisar o control de asistencia e elaborar a acta do curso
8. elaborar, de ser solicitado polas persoas interesadas, constancias de participación para o profesorado interviniente

### **7.2 Secretarios/as**

A función e responsabilidade dos/as secretarios/as será complementar e asistir ao/á director/a no desenvolvemento das tarefas e xestións organizativas do curso. Igualmente, e de acordo con este/a, poderá asumir as tarefas que lle sexan encomendadas atribuídas á dirección.

### **7.3 Alumnado colaborador**

A función e responsabilidade dos/as alumnos/as colaboradores/as desenvolverase só durante a realización do curso e consistirá no apoio loxístico para realizar tarefas de recollida e atención de intervinientes, control de asistencia, manexo de equipos audiovisuais e outras atencións de carácter xeral.

### **7.4 Vicerreitoría de Estudantes e Cultura**

A Vicerreitoría de Estudantes e Cultura responsabilizarase de:

1. coordinar e supervisar o desenvolvemento xeral dos cursos e velar polo cumprimento das normas e dos orzamentos e condicións económicas
2. elaborar e enviar os diplomas de asistencia e os certificados de crédito
3. organizar a publicidade e difusión xeral e supervisar o material de difusión propia no caso dos cursos que o elaboren
4. xestionar o cuestionario online de satisfacción e calidade para que



cumprimenten o/as alumnos/as ao finalizar o curso  
5. organizar a matrícula, de acordo co funcionamento de Xescampus

### **Oitavo.- INFORMACIÓN E CONSULTAS**

Para calquera consulta ou dúbida sobre estas normas, pódense dirixir á secretaría da Universidade de Verán, o servizo coordinador da Universidade de Verán, no correo electrónico [cursosdeveran@usc.es](mailto:cursosdeveran@usc.es).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ, VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 25/11/2024 09:16:13.

**CSV:** 9F2B-5924-40E7-A158